

Moción do grupo municipal Por Chantada – Interior Galego Vivo para unha cobertura sanitaria suficiente na comarca.



Antom Fente Parada, Cruz Fernández Rodríguez, Helena Fernández Montes e Ibán Ratón Varela integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do grupo municipal **POR CHANTADA – INTERIOR GALEGO VIVO**, presentan ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do *Regulamento Orgánico Municipal* e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á **Moción do grupo municipal Por Chantada – Interior Galego Vivo para unha cobertura sanitaria suficiente na comarca.**

A tal efecto, presentamos para a súa discusión, co alvo de suscitar a **UNANIMIDADE** da **CORPORACIÓN** que permita a súa aprobación, a seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal **POR CHANTADA – INTERIOR GALEGO VIVO** propón ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte

A sanidade vén sendo unha das bandeiras que sempre defendemos, xa que consideramos que **os servizos públicos e, nomeadamente, a sanidade, a educación e as pensións públicas son os piares da democracia e da cohesión social**. Sen sermos exhaustivos, só na lexislatura pasada (2019-2023) apresentamos varias mociós para vindicar uns servizos sanitarios dignos e en pé de igualdade con outros territorios, os que, en definitiva, a nosa poboación merece e que, a día de hoxe, non ten.

Algunhas das **mociós** foron aprobadas e outras non, mais contribuíron para dar a **loita pola mellora das condicións sanitarias**, que están lonxe de alcanzarse aínda, nomeadamente no tocante ao Hospital Comarcal de Monforte de Lemos e tamén do centro de saúde de Chantada que volve contar con insuficientes facultativos. Asemade, no programa electoral, co que concorremos á cita de maio de 2023, defendiamos o seguinte:

1.6.- Apoio total ás demandas das traballadoras do PAC de Chantada: demanda de persoal suficiente, loita por unha segunda ambulancia e mantemento dun servizo digno de pediatría e fisioterapia.

O artigo 43 da Constitución recolle o dereito á protección da saúde, indicando que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios. Isto ten desenvolvemento, na Galiza, no **artigo 33 do noso Estatuto de autonomía** (1981), onde se indica que corresponde á Galiza o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

Así as cousas, a axeitada asistencia sanitaria é un servizo esencial que debe defenderse e exige tamén **igualdade para a veciñanza do rural**, entre todos os territorios e cidadáns. Folga dicir, que os patriotas de pulseira non poñen o mesmo acento na defensa da grande e verdadeira discriminación territorial que se dá neste país e que recae sobre as poboacións rurais.

No caso do hospital comarcal de Monforte de Lemos, **desde a eliminación da capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte, que cobre a 42.043 persoas, acometida en 2010, o Hospital comarcal de Monforte véñse resentindo nos seus servizos. Perdéronse especialidades ou bótase anos sen cubrir vagas esenciais**, como neuroloxía, cardioloxía ou dixestivo. **Recórrase a peonadas e atencións intermitentes que devalúan a atención e eternizan as listaxes de agarda.** En pediatría a situación non é moito mellor e **non existen urxencias pediátricas** debendo recorrer a servizos privados ou a Ourense ou Lugo e **a saúde mental nen está nen se agarda.** A ruína do público beneficia a unha minoría ávida de mercantilizar a saúde, unha das conquistas centrais do *welfare state* e do pacto traballo – capital posterior á 1945.

As viciñas e viciños de Chantada, para alén de non contaren co suficiente persoal no seu centro de saúde (semanas con só 2 médicos máis outro para peonadas) **enfóntanse con listaxes de agarda para probas ordinarias que poden chegar a pasar do ano e medio e con tempos intolerábeis en probas diagnósticas urxentes**, como no caso de tumores. Por outra parte, hai toda outra serie de servizo que se perderon e tamén postos de traballo resentíndose o funcionamento xeral e evidenciando cal é o obxectivo desta dirección e desta xerencia:

- médico codificador (cobriuse cunha persoa enfermeira a dedo);
- subdirección de enfermaría (vacante cun supervisor en funcións);
- subdirector de xestión;
- un perito en mantemento;
- carpinteiro, que desde que se xubilou o titular se cobre con acúmulo de tarefas, mais non se convoca a praza vacante;
- unha telefonista, que se cobre dende Lugo;
- a cafetaría pasou a ser xestionada por unha cadea, en lugar de ser contratada a empresas locais, coa conseguinte perda da subministración na zona e mingua na calidade;
- para mantemento e informática depéndese de Lugo;
- non hai suficiente material, por exemplo cobertores para cama e a taxa de reposición é insuficiente;
- o persoal de enfermaría leva anos expondo as necesidades de aumento de persoal nas quendas de noite;

O caos no hospital coa actual directora é un feito e chega a límites absurdos, como mandar as mostras a Lugo en taxi en vez de cubrir a praza de microbiólogo ou non ter para toda a poboación unha praza de psiquiatría, desprazándose desde Lugo. Tamén foi notorio o que aconteceu co mamógrafo estragado, derivándose as mamografías a Lugo cando se descubriu o que acontecera e pondo autobús desde o hospital. De feito, a iniciativa de Esperta Monforte os grupos políticos de Monforte, agás o PP, aprobaron unha iniciativa dirixida á Xunta sobre esta cuestión e pouco despois “anunciouse” un novo mamógrafo pendente de instalación: unha sanidade a salto de mata e golpe de titular.

A maiores, Chantada segue a ser unha das poucas comarcas que non conta coa **Hospitalización no fogar (HADO)** atinxindo dun modo directo a doentes crónicos que pola súa condición sofren a penosidade da carencia deste servizo. Canto ao **centro de saúde, continuamos sen segunda equipa no PAC**, coincidindo todos os especialistas na súa importancia, e se cobren permisos, licenzas ou ferias saturando o resto de persoa, coma sempre. De por parte, **hai moito tempo, demasiado tempo, que desde o centro de saúde se demanda ao Sergas que solicite ao concello un vao permanente** para o aparcadoiro do centro, **así como o arranxo da portada do aparcadoiro**. Son dúas pequenas cousas, que non se solventar, poden traer consigo calquera día un desgusto

A maiores, é coñecido e notorio o labor da **plataforma Chantada Quere Sanidade** que, infelizmente, non contou co apoio do goberno local nen tan sequera nos momentos máis críticos para a cobertura sanitaria da poboación de Chantada, antepondo as siglas aos intereses colectivos. Porén, a ninguén se lle escapa que reuniu a manifestación máis multitudinaria da nosa vila nas últimas décadas a pesar da climatoloxía invernal do mes de xaneiro. **A sanidade pública é un valor transversal que partilla unha maioría cidadá e é un clamor a exixencia da súa mellora e dun funcionamento que garanta a súa universalidade e calidade**, con independencia do que vote cadaquén.

A devandita plataforma, con centos de sinaturas da viciñanza, dirixiuse á **Valedora do pobo** quen estudou as súas demandas. Concretamente, a valedora do pobo indícalle á Xunta que «sería preciso avanzar na procura de mecanismos que permitan solucionar a cobertura das prazas vacantes e ausencias xustificadas en atención primaria no ámbito rural». Ao tempo, María Dolores Fernández

Galiño advirte que tamén é mester « reforzar os mecanismos de información á poboación de xeito que, os doentes coñezan as diferentes opcións dispoñibles no caso de que poidan atopar problemas de acceso á asistencia sanitaria orixinados pola falta de profesionais sanitarios que permitan cubrir as prazas vacantes e ausencias xustificadas nos seus centros de saúde». Por outras palabras, **non podemos ser os pacientes e administrados os que paguemos as consecuencias da deficiente xestión da Xunta en materia sanitaria.**

Os concellos e outras administracións locais, por ser os representantes máis directos da poboación deben brigar por aquelas cuestións esenciais para o benestar da viciñanza e que lle atinxen dun xeito directo e inequívoco e o recente anuncio por parte do Sergas do **Plan de saúde local** non pasa de propaganda ao non acompañarse de medios e inscríbese na literatura do novo xerencialismo (*New public management*) que acompaña o desmantelamento dos servizos públicos con supostos plans que nunca melloran nada. De feito, nengún profesional do centro de saúde participou realmente na elaboración do devandito plan, por iso nada de cubriren baixas, nada de HADO e nada de ter especialistas no Hospital Comarcal.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal **POR CHANTADA – INTERIOR GALEGO VIVO** propón ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte

ACORDO:

ÚNICO.- Demandar que a Consellaría de Sanidade da Xunta da Galiza:

1.- Dea cumprimento ás demandas da Valedora do pobo a instancias da Plataforma Chantada Quere Sanidade (Expediente: I.5.Q/16152/23) que, en síntese, son as seguintes:

- **Avanzar na procura de mecanismos que permitan solucionar a cobertura das prazas vacantes e ausencias xustificadas en atención primaria no ámbito rural.**

- **Reforzar os mecanismos de información á poboación de xeito que, os doentes coñezan as diferentes opcións dispoñíbeis no caso de que poidan atopar problemas de acceso á asistencia sanitaria orixinados pola falta de profesionais sanitarios que permitan cubrir as vagas e ausencias xustificadas nos seus centros de saúde.**

2.- Dote dunha segunda equipa o PAC de Chantada.

3.- Impulse a Hospitalización no fogar (HADO) na comarca de Chantada.

4.- Iniciar o trámite para a concesión dun vao permanente para o aparcadoiro do centro, así como o arranxo da súa porta.

5.- Cese a política de desmantelamento e feche de servizos do hospital comarcal de Monforte, dotándoo do persoal necesario en cada categoría e contratando as/os especialistas necesarios:

- **unha praza de especialista en Neuroloxía;**
- **unha praza de especialista en Cirurxía dixestiva (concurso - oposición);**
- **unha praza de especialista en CardioloXía (concurso – oposición);**
- **unha praza de especialista en OftalmoloXía;**
- **unha praza de especialista en HematoloXía para garantir as gardas;**
- **unha praza de especialista en MicrobioloXía;**
- **unha praza de especialista en Psicoloxía clínica;**
- **unha praza de especialista en Psiquiatría (de dúas prazas só hai unha e por contrato actualmente);**
- **unha praza de especialista en Anatomía patolóXica;**
- **dúas prazas de especialista en Pediatría (concurso - oposición), que permitan ao seren cobertas ter urxencias pediátricas (as outras dúas prazas OPE);**
- **dúas prazas de especialista en RadioloXía (concurso - oposición);**
- **unha praza de especialista en DermatoloXía (nova creación, para pór fin ás peonadas intermitentes desde Lugo que non chegan e obrigan a derivar continuamente a Lugo);**
- **unha praza de especialista en Rehabilitación;**
- **unha praza de especialista en Medicina preventiva;**
- **unha praza de especialista en Medicina do traballo;**
- **unha praza de Pediatría en atención primaria para toda a zona.**

6.- Publique as listaxes de espera ocultas – non estruturais – e se acometa un plano de redución das listaxes de agarda e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos no Hospital de Monforte.

7.- Desenvolva os instrumentos de participación social na sanidade, pondo en marcha o Consello de Saúde da Galiza e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria.

Nas 36 parroquias de Chantada, na data da sinatura dixital.

Grupo municipal **POR CHANTADA – INTERIOR GALEGO VIVO.**